



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 654

Semana do 23 ao 29 de novembro de 2015

UGT DI NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

...vén da páxina anterior.

Redacción.- Centos de persoas, convocadas por UGT e CCOO, dixeron este mércores “Non á violencia de xénero” nas concentracións que tiveron lugar ás 12.00 horas en A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo para conmemorar a data do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres e amosar a solidariedade coas vítimas.

Dende o Sindicato quérese lembrar que a violencia contra a muller non cesa, unha terrible realidade que sofren a miúdo moitas mulleres nas súas vidas e que este ano xa provocou a morte de 48 mulleres, seis delas en Galicia, 6 nenos e nenas, dous deles tamén nesta Comunidade. De feito, Galicia é a terceira comunidade autónoma na que máis asasinatos por violencia machista se produciron neste ano.

Algo está fallando

A pesar da crúa realidade que nos debuxan os datos, obsérvase como se reduce á metade o número de mulleres asasinadas que tiña interposta unha denuncia; das 721 ordes de protección solicitadas en Galicia dende xaneiro ata xuño deste ano, o 42 por cento foron denegadas, 11 puntos máis que no mesmo período do ano anterior, e cada vez son menos as medidas de protección que se adoptan, a pesar de que o número de solicitudes se incrementan. Só o 33 por cento dos casos activos en Galicia a 30 de setembro dispoñen de protección oficial. Tan só hai en Galicia 21 dispositivos electrónicos de seguimento no eido da violencia de xénero.

Nesta Comunidade no 2015 recibíronse un 22,5 por cento máis de chamadas no 016 que no ano ante-

rior. E incrementáronse en dez puntos o número de casos activos en Galicia que están clasificados cun nivel de risco medio. Algo está fallando. Obsérvase como se están reducindo as medidas protectoras e incluso redúcense as denuncias, aínda que non o número de casos.

Insoportable extensión da violencia

Neste contexto, UGT fai un chamamento sobre a insoportable extensión da violencia, de todas as violencias machistas, a que sofren as mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, o acoso sexual e por razón de sexo no traballo, a intimidación na rúa, o acoso na internet, a violencia de control das mozas e as terribles consecuencias que estes ataques carrexan na saúde, integridade, a dignidade e a vida laboral das mulleres.

Unha violencia que non queda reducida a unha cultura, idade, clase social, relixión ou país. As raíces da violencia contra as mulleres teñen carácter estrutural e é produto da desigual relación de poder entre mulleres e homes.

Dende o Sindicato tamén se fai un chamamento ás administracións competentes, xa que en España o Goberno do PP durante a súa lexislatura recortou un 17 por cento a partida orzamentaria destinada á prevención da violencia de xénero e un 43 por cento a destinada a políticas de igualdade entre mulleres e homes.

Recursos insuficientes para unha eficaz aplicación da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

En Galicia, o PP que goberna a Xunta aproba cada ano uns orzamentos que amosan a súa insignificancia para por en marcha programas específicos de prevención da

violencia ou mesmo para protexer ás mulleres vítimas.

A violencia de xénero no eido laboral

No eido laboral, UGT denuncia que o número de contratos bonificados realizados a mulleres vítimas de violencia de xénero é case insignificante, apenas 262 en Galicia dende o ano 2003. Por outra banda, o número de mulleres que se acolleron aos dereitos recoñecidos pola Lei de violencia segue sendo testemuñal.

Por todo isto, UGT esixe intensificar a sensibilización contra a discriminación e a violencia de xénero; introducir na negociación colectiva garantías de protección laboral para as vítimas da violencia de xénero; garantir que as situacións derivadas da violencia de xénero, como ausencias ou baixas médicas, non supoñan diminución económica para as traballadoras; e negociar protocolos de actuación e medidas de protección específicas dos dereitos laborais para as afectadas que non denunciásen ao seu agresor.

Ademais, urxe implementar mecanismos para eliminar, previr, sancionar e protexer ás traballadoras das situacións de acoso sexual e do acoso por razón de sexo na esfera laboral; derogación da reforma laboral; mellora da protección social ás mulleres que sofren violencia de xénero con redución de xornada en relación co acceso á protección por desemprego; que a acoso sexual e o acoso por razón de sexo sexan abordados na normativa sobre prevención de riscos laborais, ao mesmo tempo que deben ter o mesmo tratamento como delito no Código Penal; e establecer canles de comunicación entre as administracións públicas e os interlocutores sociais que permitan mellorar a difusión de medidas, dereitos e servizos dirixidos ás vítimas de violencia de xénero.

É DE LEI

2 prestación de ingresos mínimos para **MILLONS DE PERSOAS**

INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR

Leva a túa sinatura ao Congreso

eu asino!

rescatar ás persoas combater a desigualdade

UNS ORZAMENTOS POUCO CRIBLES E ELECTORALISTAS

Esquécense da reactivación económica, a xeración de emprego, da diversificación do tecido produtivo, do reforzamento dos servizos públicos e a mellora da protección social

Redacción.- UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia ofreceron este luns en Santiago unha rolda de prensa na que analizaron os orzamentos da Xunta para o ano 2016. Orzamentos que foron cualificados como pouco cribles, electoralistas e que non teñen en conta a realidade galega.

Ambos sindicatos consideran que as contas públicas para o 2016 desta Comunidade non dan resposta á situación de crise e de emerxencia social que vive Galicia. Non apostan pola reactivación económica e a xeración de emprego de calidade, non apostan polo tecido produtivo e pola súa diversificación, e obvian a necesidade de reforzar os servizos públicos e a protección social.

Trátase duns orzamentos electoralistas, que non apostan pola creación de emprego nin a mellora da protección social necesaria neste momento. Son unhas contas públicas hipotecadas pola débeda e condicionadas por un sistema fiscal regresivo, baseados nunha previsión de ingresos irreal e, polo tanto, que non solucionarán os problemas do país.

O orzamento consolidado para o 2016 ascende a 10.310 millóns de euros que representan, na riqueza anual xerada en Galicia, o 18,1 por cento do PIB, é dicir, deixarían moita capacidade de intervención na economía galega.

Por iso, dende UGT-Galicia considérase que outros orzamentos son posibles, outros orzamentos que possibiliten unha saída equilibrada e xusta da crise. Con outra planificación de ingresos que facilite unha política de gasto centrada nas persoas e o emprego; co desenvolvemento dunha economía sostible e competitiva, asentada na maior produtividade e o valor engadido que xere emprego de calidade e un adecuado estado de benestar.

Pola conta, o Goberno galego presenta uns orzamentos electoralistas, expansivos, que aumentan de xeito significativo o gasto e incorpora rebaixas fiscais que non beneficiarán aos galegos ata o ano 2017.



Trátase dun orzamento inxusto porque os ingresos fiscais proveñen da imposición indirecta no 31,5 por cento, gravando por igual ás persoas independentemente da súa renda.

UGT-Galicia tamén desaproba as rebaixas fiscais deste proxecto de orzamentos, que supoñen unha perda de recadación estimada de máis de 140 millóns de euros. Por outra banda, malia que o gasto non financeiro da Xunta será de 8.804,4 millóns de euros, non se pode esquecer que son 2.622 millóns menos que en 2009. Dende que goberna Núñez Feijoo o gasto non financeiro da Xunta caeu nun 23 por cento.

Noutra orde de cousas, este orzamento non vai solucionar o problema máis graves que teñen os galegos, o desemprego. O Goberno opta pola resignación. Dende o 2009 perdéronse en Galicia 117.200 empregos. Segundo o proxecto de orzamentos, o emprego medrará un 1,7 por cento en 2016. É dicir, no mellor dos casos, en dous anos crearanse en Galicia uns 25.000 empregos, pouco máis do 20 por cento dos perdidos.

Non obstante, a redución nun 1 por cento das horas efectivas por persoa traballadora, entre o terceiro trimestre de 2015 e o mesmo período de 2014 dá conta da calidade do emprego que se crea. Velaí o emprego polo que aposta a Xunta.

Que o emprego non é a prioridade

do Goberno reflíctese tamén nos orzamentos destinados ás políticas activas de emprego, a pesar de haber máis persoas desempregadas que en 2009, o orzamento é inferior nun 50 por cento ao daquel ano.

Só a falta de vontade política explica que un goberno con máis de 222.000 parados manteña este recorte nas políticas coas que deberían combater esta situación.

Tampouco responden as contas públicas ás necesidades da sociedade galega. Os orzamentos para 2016 son expansivos no gasto, pero menos no gasto social. Tras anos de fortes recortes e retrocesos nos servizos públicos e, nomeadamente, na sanidade e na educación, o proxecto de orzamentos non aproveita o incremento dos gastos para restituír o estado de benestar usurpado durante a crise.

A sanidade e a educación medran por baixo do orzamento, o que implica que perden peso, pasando de supoñer o 55,7 % en 2015 ao 54,9 % en 2016.

Hai partidas que medran, como as destinadas á dependencia ou a risga, pero non o suficiente para suplir os recortes de anos anteriores e, moito menos, para paliar os efectos da crise. O aumento dos recursos na dependencia agocha os recortes nas libranzas para coidados no contorno e, xunto cos recortes do Goberno central, imposibilita a atención das

25.000 persoas que aínda están en lista de espera.

Canto a inclusión social, tamén aumentan os recursos pero non abundan para atender a situación dos case 30.000 fogares galegos onde non entra ningún ingreso.

En definitiva, son uns orzamentos perdidos no eido social, porque os maiores recursos dispoñibles non se destinan a mellorar a vida dos galegos e as galegas.

Non se recupera o investimento indispensable

Os investimentos deixan de ser en 2016 unha das variables de axuste dos orzamentos e medran por vez primeira nos últimos sete anos. Con respecto ao ano anterior, as operacións de capital (investimentos reais máis transferencias de capital) medran en 173,3 millóns de euros, o que equivale a un crecemento do 13,9 %.

Pero esta avaliación positiva torna en negativa se estendemos o período de comparación ata o ano 2009. Nese exercicio, os gastos de capital eran de 2.708 millóns de euros, así que desde entón os investimentos caeron en 1.290,4 millóns de euros: redúcense un 47,8 %. E de negativa pasa a dramática se engadimos que os gastos financeiros no mesmo período medraron un 83,5 %.

Sen investimento público abondo estrangúlase a economía e límitase o crecemento. Sen aposta por novos sectores produtivos e destinando á investigación, desenvolvemento e innovación un ridículo 1,3 % do orzamento (inalterable nos últimos dous anos), Galicia seguirá apostando por sectores de baixo valor engadido e emprego de pouca calidade que desaparece cando a conxuntura non é favorable.

Galicia precisa que desde o sec-

tor público se aposte polos sectores produtivos tradicionais, pero tamén por outros novos de maior contido tecnolóxico. Para iso precísanse máis investimentos en infraestruturas de comunicación e transporte, de ordenación do territorio para actividades económicas, investigación ou en desenvolvemento e innovación ou das infraestruturas do medio rural, para capitalizar o país, para medrar e crear emprego de calidade.

Orzamentos hipotecados pola débeda

A renuncia da Xunta a utilizar a súa autonomía fiscal e as cesións ante o inxusto sistema de financiamento imposto por Madrid (irrazoable distribución do déficit público entre as diferentes administracións, Fondo de Cooperación que non cumpre a converxencia, ausencia dunha verdadeira reforma fiscal en todo o Estado) leváronnos a recorrer ao endebedamento para cubrir os ingresos orzamentarios. A crise, coa conseguinte baixada dos ingresos, fixo o resto.

Por esta razón puramente ideolóxica, a Xunta de Galicia disparou o seu endebedamento desde a chegada de Feijóo ao goberno: en marzo de 2009, a débeda pública galega acumulada nos vinte e cinco anos de autonomía era de 3.922 millóns de euros; no segundo trimestre de 2015 elevouse ata 10.210 millóns de euros.

A consecuencia deste fortísimo incremento da débeda é o seu elevado custo, tanto en termos de amortización de principal como en gastos financeiros, que consome cada vez máis recursos do orzamento.

En definitiva, un 16 % do orzamento hipotecado pola débeda, debido a unha decisión ideolóxica do Partido Popular de non impoñer unha fiscalidade máis progresiva e xusta e por non facer política de país fronte

ao Goberno central. Un novo orzamento perdido para Galicia por non destinar estes recursos a mellorar as condicións de vida e traballo da cidadanía galega.

Os empregados públicos seguen perdendo

Os empregados e empregadas da Xunta de Galicia seguen perdendo cos orzamentos de 2016. A suba dun 1 % prevista para as súas retribucións non compensa nin de lonxe o recorte de case un 20 % que sufriron os seus salarios desde o 2010 (tanto polas reducións como pola perda de poder adquisitivo, que se producirá unha vez máis en 2016). Pero non paran aquí os recortes: prolóngase outro ano máis o recorte nas pagas extras de 2013 e nos complementos da extra de 2012.

Mantense a prórroga da lei de medidas temporais no emprego público, a aplicación dunha taxa de reposición do 50 % e a redución de emprego público pola vía das interinidades e substitucións. Son as medidas que penalizan os empregados e empregadas públicas, facendo recaer sobre este colectivo boa parte dos recortes orzamentarios.

Os empregados e empregadas da Xunta de Galicia non só perderon capacidade económica, tamén perderon o emprego como consecuencia das políticas de recortes aplicadas polo Partido Popular desde a súa chegada ao Goberno. En concreto, en 2015 hai 10.000 empregos menos ca no 2009. Menos empregos e peores servizos públicos para a cidadanía.

Cando perden dereitos os empregados e empregadas públicas, pérdenos todos os traballadores e traballadoras porque a súa menor capacidade de consumo inflúe na demanda e porque os seus salarios se utilizan como referencia nas negociacións salariais no sector privado.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

É PRECISO RECUPERAR UN MODELO DE DIÁLOGO SOCIAL PERMANENTE NA PRÓXIMA LEXISLATURA

O 5º Comité Confederal ordinario aproba por unanimidade a Declaración



Redacción.- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, manifestou que “o 5º Comité Confederal ordinario apostou pola necesidade de recuperar un modelo de diálogo social permanente, desde o inicio da próxima lexislatura, para corrixir en profundidade o rumbo do actual modelo de crecemento económico”. E, nese sentido, partimos dunha constatación por anticipado, e é que nas eleccións do 20 de decembro non vai haber maiorías absolutas, é dicir “que a gobernabilidade do noso país non vai depender dun só partido”.

Méndez fixo estas declaracións na rolda de prensa que celebrou xunto co presidente do 5º Comité Confederal ordinario, o secretario xeral de UGT-Navarra, Javier Lecumberri, na que se presentou a Declaración resultante do devandito Comité, así como, tres resolucións de urxencia.

Méndez precisou que a partir de que se produza un cambio de mapa político, sería necesaria unha reorientación xeral das políticas.

UGT ten unha serie de obxectivos clave: reforzar os servizos públicos, a protección social, fundamentalmente a atención ás persoas dependentes, a protección por desemprego e combater a pobreza e a desigualdade.

Neste sentido, o secretario xeral de UGT resaltou que un dos primerísimos elementos que terían que debaterse na próxima lexislatura é a Iniciativa Lexislativa Popular para unha prestación de ingresos mínimos, presentada por UGT e CCOO, para atender a situación de, aproximadamente, 2.150.000 persoas que están nunha situación “moi maltraiada”.

Outras palabras e expresións clave

son: mellorar a distribución da riqueza, reforzando o papel da negociación colectiva; a reindustrialización ou a innovación.

Méndez precisou que UGT “non pide o voto para ningunha formación política concreta pero si solicita claridade e transparencia na definición das propostas electorais e que se recupere o carácter dos programas políticos como contratos subscritos ante o pobo español”.

Así mesmo, declarou que é necesaria a derogación da reforma laboral, a reposición de dereitos sociais e a reversión da última reforma imposta en materia de pensións.

Neste sentido, sinalou que o presente e futuro das pensións non pasa por “recortar ou o caos” - como prognostican algúns - senón que a discusión debe centrarse en como mellorar a situación financeira do Sistema Público de Pensións do noso país.

Cambio organizativo e Código Ético

Méndez sinalou que o 5º Comité Confederal ordinario de UGT tomou dúas decisións de gran relevancia para o Sindicato: unha, o cambio integral da Unión Xeral de Traballadores, cunha configuración organizativa asentada sobre os sectores produtivos (que se vinculan directamente aos centros de traballo). Estes sectores articularanse ao redor de tres federacións.

E, por outra banda, a aprobación do regulamento do Código Ético. Constituirase unha Comisión de seguimento e avaliación do cumprimento deste Código, integrada por persoas alleas ao sindicato,

sendo UGT a única organización que ten unha comisión destas características.

Tres resolucións

O secretario xeral de UGT tamén se referiu ás tres resolucións aprobadas polo sindicato, dous delas en referencia a Abengoa e a VW.

Sobre Abengoa pediu ao Goberno que se comprometa politicamente na procura dunha solución á difícil situación financeira que ten esta empresa, que só en España dá traballo a unhas 7.000 persoas.

Neste sentido, instoulle a falar con Gestamp, que tiña interese en participar no accionariado de Abengoa e falar tamén coas entidades financeiras implicadas, que “deben formar parte da solución e non do problema”.

Se a intervención política non dese resultados, “o Goberno teríase que plantearse a intervención directa a través do Instituto de Crédito Oficial e das entidades financeiras nacionalizadas, como é o caso de Bankia”- dixo.

En relación con VW Seat, Méndez sinalou que é preciso que a empresa se comprometa a facer novos investimentos a partir de 2019 para manter a carga de traballo (a empresa xera uns 120.000 postos de traballo, entre empregos directos e indirectos).

Así mesmo, expresou a consternación do 5º Comité Confederal de UGT polo falecemento en accidente laboral dun traballador na mina de Vilafruns de Iberpotash e esixiu unha investigación e que se adopten medidas para evitar que feitos así poidan producirse.

UGT RECLAMA A PARALIZACIÓN DA CONVOCATORIA DE FORMACIÓN DE MOZOS 2015

Redacción.- UGT e CCOO denuncian fraude de lei, abuso de dereito e a concentración de subvencións en poucos beneficiarios na Convocatoria Estatal de Formación de Mozos 2015 (40 millóns) e piden a paralización inmediata da súa resolución.

Ambos os sindicatos sinalan que algunhas "redes de consultoras e centros" conseguiron a máxima valoración técnica mediante subterfuxios e artificios, de modo que os proxectos con proposta de aprobación, aínda que teñen aparencia de legalidade, non cumpren os fins da convocatoria nin os principios de eficacia e eficiencia que debe presidir a xestión de subvencións públicas, segundo a lei.

Os subterfuxios máis frecuentes son os seguintes: proxectos nos que a maioría dos cursos son para un único alumno; cursos con máis profesores que alumnos; ou mozos que percorren España para facer un curso.

Así mesmo, os sindicatos sinalan que as entidades que utilizaron estes ardidés conseguiron que se aproben bastantes das súas solicitudes. Así, cinco entidades lograron que se aproben os tres proxectos que presentaban, acumulando 6,2 millóns de euros -o 15,54% de 40 millóns de euros do orzamento da convocatoria e catro grupos de empresas de formación acumulan o 22% das axudas.



Para os sindicatos é pouco probable que estes solicitantes poidan executar os proxectos nas condicións da solicitude, porque non é sustentable economicamente dedicar, como propón algún deles, unha aula e tres profesores a realizar un curso de 600 horas para unha soa persoa que ademais ten o seu domicilio a centos de quilómetros de lugar de impartición, pero aceptan sufrir unha penalización económica por non executar a formación nas condicións previstas, se a cambio teñen a oportunidade de competir con vantaxe e obter grandes cantidades de diñeiro deixando fóra a outros proxectos máis realistas.

Indican, así mesmo, que, nalgúns casos, esas entidades "utilizan" a pequenos centros de formación para armar proxectos "altamente puntuables" e noutros, aínda que o solicitante é formalmente un dos centros, son elas as que controlan as comunicacións coa Tripartita e, en xeral, a realización da formación.

FSP denuncia irregularidades na OPE do Sergas para médicos do 061

Redacción.- FSP denuncia irregularidades na oferta pública de emprego do Sergas para médicos asistenciais do 061, xa que se convocaron prazas que non saíron previamente a concurso de traslado, incumprindo así os acordos coas organizacións sindicais.

UGT denuncia que, tras infructuosos intentos de corrixir esta situación, o Sergas prefere volver ás vellas prácticas de sacar as prazas á carta, cunha falta de transparencia total, demostrando un desprezo absoluto polos dereitos das persoas traballadoras á mobilidade e conciliación da vida familiar e laboral.

As irregularidades na xestión de persoal do 061 non terminan aí. UGT denuncia que desde o ano 2010 mantéñense na base de Foz 6 nomeamentos eventuais de médicos e 6 de persoal de enfermería, en prazas que non se crearon con carácter estrutural, polo que legalmente non existen. É por iso que o persoal carece de todo tipo de dereitos á estabilidade, mobilidade e conciliación.

Por todo isto, o Sindicato esixe que se convoque un concurso interno de traslados para as prazas de A Coruña e Mos, que saen a oposición, e que se cren as prazas da base de Foz.

AS PERSPECTIVAS DA EDUCACIÓN EN GALICIA, A DEBATE

Redacción.- A Plataforma en Defensa do Ensino Público, da que FETE-UGT forma parte, organizou este xoves en Santiago unha mesa redonda na que interviñeron os voceiros de educación dos partidos políticos con representación no Parlamento galego. Foi un acto aberto ao público que se desenvolveu en tres bloques. Un primeiro de análise da situación actual do ensino en Galicia, un segundo de propostas de futuro e, finalmente, tivo lugar un debate aberto a todos os asistentes.

Os representantes da oposición coincidiron en demandar a derogación da LOMCE, unha lei que culificaron de retrógrada, polo que apostaron por unha lexislación máis actual para regular o eido educativo.

Tamén se debatiu sobre os comedores escolares. Ao respecto, a oposición tamén amosou unidade, fronte ao PP, á hora de pedir un novo modelo de xestión, a súa gratuidade, así como, a dos libros e material. Neste



caso, o PP insistiu en defender as axudas por tramos, segundo o nivel de renda das familias.

A necesidade de reducir as taxas universitarias e incrementar as becas tamén estivo enriba da mesa, así como, a de baixar as ratios nas aulas no ensino público en Galicia.

Os tres partidos da oposición tamén demandaron a recuperación dos 3.000 postos de traballo perdidos dende o 2009 e que os orzamentos destinados a educación se vaian achegando ata o 7% do PIB, como fan moitos países da nosa contorna.

UGT gaña as eleccións no Concello de Ribeira e nos laborais do Concello de Malpica

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións sindicais no Concello de Ribeira, logrando sete delegados, un máis que nos últimos comicios, dos 14 que había en xogo, CCOO obtivo tres representantes, CSIF outros tres, e un a CIG.

O Sindicato tamén gañou as eleccións entre o persoal laboral do Concello de Malpica. Neste caso, UGT obtivo os tres delegados que se elixían.

En ambos casos, o Sindicato agradece a confianza depositada polos traballadores de cara ao futuro, ao traballo a desenvolver nos vindeiros catro anos, así como, o respaldo á xestión do último período.